

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2024/11

DATA: xoves 27 de xuño de 2024

LUGAR: SALÓN DE PLENOS

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 21:36 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA accidental VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

### ASISTEN

BNG  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA  
PP  
ANTONIO ISORNA VICENTE  
RAMON VICENTE VICENTE  
MARIA ELENA ABUIN CAROU  
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE  
PSdeG-PSOE  
MARIA ELENA OTERO OTERO  
OSCAR RIAL LAGO  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO  
TAMARA GARCIA MUÑIZ  
Rianxo en Común  
JULIO ALCALDE HERMO  
JOSE ALBERTO ANGUEIRA GOMEZ  
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

### AUSENTES

BNG  
SARELA BERTANZOS FREIRE  
PP  
ALICIA CAROU ROMERO  
Rianxo en Común  
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO

### ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 651.628 exp. 2024/G010/000011

## PARTE RESOLUTIVA

### 1. APROBACIÓN ACTAS

## PARTE DE CONTROL

### 2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

### 3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA A MODIFICAR A LEI 6/2007, DE PORTOS DE GALIZA, PARA EXIMIR OS CONCELLOS E ENTIDADES EN ÁNIMO DE LUCRO DO PAGO POLA UTILIZACIÓN DE TERREOS PORTUARIOS

### 4. ROGOS E PREGUNTAS

## DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000011 e identificado pola pegada dixital:

**a8247d34b5017b8f8ece7863700b14e6eb941510825fc22d0000635ebd8d4f04**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=B2zox6vcfQk>**

## PARTE RESOLUTIVA

### 1 APROBACIÓN ACTAS

#### ● APROBACIÓN ACTA Nº 6 PLENO ORDINARIO 25 DE ABRIL DE 2024

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 6/2024 de 25/04/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

#### PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25/04/2024, Acta nº 6/2024.

#### SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real

decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

#### ● **APROBACIÓN ACTA Nº 7 PLENO EXTRAORDINARIO 13 DE MAIO DE 2024**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 7/2024 de 13/05/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 13/05/2024, Acta nº 7/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

#### ● **APROBACIÓN ACTA Nº 8 PLENO EXTRAORDINARIO 16 DE MAIO DE 2024**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 8/2024 de 16/05/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 16/05/2024, Acta nº 8/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

● **APROBACIÓN ACTA Nº 9 PLENO EXTRAORDINARIO 24 DE MAIO DE 2024**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 9/2024 de 24/05/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 24/05/2024, Acta nº 9/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

● **APROBACIÓN ACTA Nº 10 PLENO ORDINARIO 30 DE MAIO DE 2024**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 10/2024 de 30/05/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 30/05/2024, Acta nº 10/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

**PARTE DE CONTROL**

**2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/05/2024 ata o 31/05/2024, que comprenden os números 392/2024 ao 506/2024, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

**O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.**

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 9 da Sesión ordinaria do día 02/05/2024
- Acta Nº 10 da Sesión ordinaria do día 16/05/2024

## O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

### **3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA A MODIFICAR A LEI 6/2007, DE PORTOS DE GALIZA, PARA EXIMIR OS CONCELLOS E ENTIDADES EN ÁNIMO DE LUCRO DO PAGO POLA UTILIZACIÓN DE TERREOS PORTUARIOS**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA A MODIFICAR A LEI 6/2007, DE PORTOS DE GALIZA, PARA EXIMIR OS CONCELLOS E ENTIDADES EN ÁNIMO DE LUCRO DO PAGO POLA UTILIZACIÓN DE TERREOS PORTUARIOS** sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Don Xusto Xosé Ordóñez portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Rianxo ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte **MOCIÓN**.

#### **Exposición de motivos:**

O Ente público Portos de Galicia ingresou no exercicio 2022 (último dispoñíbel na súa páxina), en concepto de "Canons-Concesións e autorizacións", 2.889.364 euros. Este apartado é o segundo que máis ingresos correntes proporciona a esta entidade anualmente, despois da taxa X-4 por desembarco de pesca fresca (5.008.871 euros no 2022), e aporta un 16,9% ao total dos ingresos de xestión ordinaria de Portos de Galiza nese ano (17.062.216 euros).

Aínda que Portos non descompón cal é a cifra exacta correspondente ás concesión e cal ás autorizacións, o certo é que os concellos veñen abonándolle cantidades moi importantes pola utilización do dominio público portuario. Ademais das elevadas contías, os concellos tamén soportan a nefasta xestión de Portos en canto ao seu cobro. E así, recentemente, coñecemos que veñen de requirírselles as cantidades correspondentes aos dous últimos anos pola utilización do espazo portuario que, segundo Portos, sufriron retraso por mor de falta de persoal, un argumento que entendemos totalmente inxustificábel.

Todas as administracións, Portos de Galicia tamén, teñen mecanismos abondo para a contratación de persoal e, polo tanto, para non actuar en detrimento e causar prexuízos aos administrados, neste caso aos concellos e noutras ocasións, como xa ten ocorrido, aos

profesionais.

E non só é o retraso e a acumulación de dúas anualidades. Tamén erros non menores nas liquidacións, que requiren de explicacións e de maior claridade e transparencia nas mesmas.

O BNG vén insistindo no máis que evidente afán recadador da Lei de Portos de Galiza, as tarifas abusivas que se cobran pola realización de actividades en terreo público portuario que, na maioría dos casos, correspóndese con espazos integrados na trama urbana dos concellos e onde son estes os que se encargan da súa limpeza e mantemento durante todo o ano.

As múltiples actividades inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados, deben pagar unhas taxas excesivas para poder levarse a cabo. A inmensa maioría realízanse en espazos urbanos que, malia estaren baixo a titularidade de Portos, nada teñen que ver coa actividade portuaria nin Portos contribúe en nada ao seu mantemento máis básico.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Rianxo presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes **ACORDOS:**

**Solicitar ao goberno da Xunta de Galiza a :**

- 1. Non aplicación dos artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galiza, ás autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, de xeito que queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no dominio público portuario.**
- 2. Flexibilización do pago das dúas últimas anualidades pola utilización do dominio público portuario por parte dos concellos.**
- 3. Pór en marcha todos os mecanismos necesarios para que a acumulación dos cobros de taxas e canons por parte de Portos de Galiza non volva a ocorrer e se eviten os prexuízos que se están a causar.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (1 do membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e 4 abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

**Solicitar ao goberno da Xunta de Galiza a :**

1. Non aplicación dos artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galiza, ás autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, de xeito que queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no dominio público portuario.
2. Flexibilización do pago das dúas últimas anualidades pola utilización do dominio público portuario por parte dos concellos.
3. Pór en marcha todos os mecanismos necesarios para que a acumulación dos cobros de taxas e canons por parte de Portos de Galiza non volva a ocorrer e se eviten os prexuízos que se están a causar.
4. Retirar a taxa x.4 as mariñeiras e mariñeiros, de Portos de Galicia pola venda de peixe.

#### FORA DA ORDEN DO DÍA

#### MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE. DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE. DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando **NON APROBADA** a citada inclusión por 5 votos a favor dos membros do grupo municipal PSOE e 9 votos en contra (4 do grupo municipal Rianxo en Común, 4 dos membros do grupo municipal PP e 1 membro do grupo municipal BNG) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

#### 4 ROGOS E PREGUNTAS

#### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000011 e identificado pola pegada dixital:

**a8247d34b5017b8f8ece7863700b14e6eb941510825fc22d0000635ebd8d4f04**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=B2zox6vcfQk>